



CONCELLO DE ARANGA

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

De conformidade co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 , en uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Convocar unha SESIÓN EXTRAORDINARIA E ORGANIZATIVA do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 27 de xuño de 2019

Hora: 13:00

Lugar: SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe de constitución de Grupos Políticos e nomeamento de Portavoces.
3. Adopción de acordo en relación có réxime de sesións plenarias municipais.
4. Acordo de creación e composición das Comisións Informativas Municipais: Comisión Especial de Contas e permanente de economía e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

facenda, Comisión Informativa de Urbanismo e Comisión Informativa de subvencións municipais.

5. Acordo de creación da Xunta de Goberno local .
6. Delegación de competencias do pleno na Xunta de Goberno local.
7. Nomeamento de Representantes da Corporación nos órganos colexiados dos que forme parte.
- 8.- Acordos de contido económico: réxime de dedicacións, asistencias e indemnizacións.
9. Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Alcaldía:
 - Nomeamento dos Tenientes de Alcalde
 - Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno local e delegación na mesma de competencias da alcaldía.
 - Presidencia e secretaría das Comisións Informativas Municipais
 - Nomeamento de concelleiros delegados.
 - Asinación de dedicacións

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Aranga, luns 24 de xuño de 2019

O alcalde, Alberto Platas Álvarez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)